

Proxecto de re-naturalización dos terreos ocupados por Ence na ría de Pontevedra

Jorge Rodríguez Álvarez*

Ata finais dos anos cincuenta do século pasado, Os Praceres era un idílico enclave da parroquia de Lourizán, na ría de Pontevedra. A súa beleza atraía ilustres visitantes e dinamizaba a economía local, baseada na actividade marisqueira e no incipiente turismo. No ano 1958 o réxime de Franco decidiu, malia a protesta da veciñanza, facer un recheo de 50 ha sobre a ría, e construír o complexo Ence-Elnosa para a fabricación de pasta de papel e cloro. Estas instalacións levan degradando os valores ambientais e paisaxísticos da comarca durante 65 anos. A oposición cidadá segue sendo intensa pese á propaganda corporativa e as presións exercidas pola empresa. Co obxectivo de visualizar o potencial deste territorio tras a marcha da fábrica, a Asociación Pola Defensa da Ría e a Escola de Arquitectura da Coruña colaboraron na elaboración dunha proposta para a re-naturalización do ámbito ocupado polo complexo industrial.



Vista actual desde o Monte do Sino, nos xardíns do Pazo de Lourizán, e vista segundo a proposta · Jorge Rodríguez

A presenza da fábrica de Ence na ría de Pontevedra é un vestixio dun paradigma industrial obsoleto, centralista e autoritario, baseado na negligencia ambiental e o desprezo pola comunidade local. A construción da fábrica de pasta de papel Celulosas, entre os anos 1958 e 1963, non só sepultou o banco marisqueiro máis produtivo da ría, senón que tamén botou a perder unha incipiente actividade turística nunha contorna privilexiada, que mesmo Otero Pedrayo describira coma unha "síntese admirable da Paisaxe Galega"¹. A oposición local á fábrica iniciárona as mariscadoras, que sufriron a perda do seu sustento coas obras de recheo. Unha forte represión silenciou as protestas durante a ditadura, malia os evidentes impactos negativos da actividade da Celulosa na contorna, caracterizados polo seu cheiro, pero tamén polos vertidos na ría e a súa influencia na propagación do monocultivo de eucalipto en toda Galicia². A oposición á fábrica retomou visibilidade coa chegada da democracia, a través de asociacións ecoloxistas, destacando a Asociación Pola Defensa da Ría (APDR), que desde 1987 vén desenvolvendo numerosas accións de concienciación e estudos para esixir o traslado da fábrica fóra da ría.

Cómpre salientar que a fábrica, privatizada no ano 2001 por 230 millóns de euros³, ocupa un terreo público, xa que está completamente inxerida no Dominio Público Marítimo Terrestre (DPMT) por medio da concesión da superficie máis extensa de Galicia neste tipo de solo. A concesión de 60 anos caducou no ano 2018, pero o goberno estatal en funcións, presidido por Mariano Rajoy, tramitou unha inaudita prórroga ata o ano 2073. Tanto a APDR, coma o Concello de Pontevedra e Greenpeace

recorreron a prórroga, que foi declarada nula por sentenza da Audiencia Nacional en 2021. Contra todas as predicións, o Tribunal Supremo estimou o recurso presentado por Ence en febreiro de 2023 e avalou a prórroga da concesión. O percorrido xudicial non rematou, xa que neste momento aínda quedan recursos pendentes.

Análise da contorna de Lourizán

No verán de 2022 a Asociación Pola Defensa da Ría e o profesorado da materia de Paisaxe e Hábitat Sostible da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña comezamos a traballar nun estudo e proposta para a rexeneración da enseada de Lourizán tras a marcha da fábrica da ría. Posteriormente engadíronse outras dúas materias, Ordenación do Territorio e Proxecto da Paisaxe 3. En total, uns 40 estudantes e 4 profesores estiveron involucrados no proxecto elaborado entre xaneiro e xuño de 2023, baixo a metodoloxía Aprendizaxe e Servizo. A planificación do traballo constou de dúas fases: análise e proposta. Formáronse pequenos equipos para, deste modo, afondar cada un deles nun tema específico. As principais conclusións da fase de análise resúmense brevemente a continuación:

- A contorna de Lourizán posúe un denso e rico patrimonio cultural, gran parte do cal está gravemente afectado pola presenza da fábrica e mesmo desapareceu baixo o recheo. Entre os elementos catalogados atópanse os gravados rupestres no Monte do Sino, un castro prerromano ou o xacemento arqueolóxico do Sartán, que podería ser unha vila ou unha fábrica de salgadura romana. Alí atopouse tamén unha fa-




Plano de situación e estado actual do ámbito de Lourizán na ría de Pontevedra · Jorge Rodríguez



Plano xeral do proxecto de re-naturalización de Lourizán, en relación coa ría e coa cidade de Pontevedra · Jorge Rodríguez



Reconstitución do litoral de Lourizán antes do recheo e implantación da fábrica, toponimia e relación entre os seus núcleos e pazos · Jorge Rodríguez



Síntese da modificación da costa tras a construción da fábrica de Ence. En vermello a liña actual de costa e en azul a extensión da ría antes do recheo · Jorge Rodríguez

lera datada da época dos Suevos (411-585) que está actualmente no Museo de Pontevedra. O patrimonio arquitectónico inclúe pazos (Lourizán, Miradores, Gandarón), mansións (Finca Areeiro), igrexas, etc... Pero sen dúbida o elemento patrimonial máis destacado é o Pazo de Lourizán, conxunto de gran valor arquitectónico e paisaxístico reformado por Montero Ríos no século XIX e que foi recentemente declarado

Ben de Interese Cultural. Tanto o pazo como os xardíns atópanse nun deficiente estado de conservación e a súa relación orixinal coa ría está totalmente descontextualizada pola presenza de Ence.

- A riqueza natural do ámbito non se limita á zona intermareal do conxunto Os Praceres - Reiboia, xa de por si especialmente vulnerable, senón que abrangue espazos de especial interese coma a gándara e o ameneiral da Gandarela ou o corredor ecolóxico que chega ata o Espazo Natural de Interese Local (ENIL) do Río Tomeza. De non ser pola presenza da fábrica a zona intermareal reunía as condicións para ter sido incluída dentro da Rede Natura 2000 da Unión Europea.
- O estudo dos asentamentos revela unhas dinámicas de perda de poboación e actividade económica en case todos eles (Gandarela, Igrexa, Meán, Roza, Outeiro, etc...) que contrasta co observado no centro urbano e os núcleos máis afastados da fábrica.
- O maior argumento que esgrime a empresa Ence para xustificar a súa permanencia é o emprego e o seu impacto económico na contorna. Segundo un informe de 2013 da propia Ence⁴, a fábrica xeraba 329 empregos directos en toda Galicia. Malia isto, a prensa e mesmo os responsables políticos afíns á continuidade da fábrica sempre falan de 5.000 empregos, cunha ambigüidade calculada, na que inclúen o emprego inducido, de moi difícil xustificación. Para poñer en contexto estes datos de forma obxectiva, analizamos as actividades económicas na contorna da ría de Pontevedra. Os datos falan por si mesmos: na contorna da ría teñen a súa sede 36 empresas de máis de 100 empregados, que xeran 14.500 empregos directos. A isto engádense máis de 500 empresas, de entre 10 e 100 empregados, que xeran 11.500 empregos directos. Polo tanto, as empresas con sede na contorna da ría (Ence ten a sede e tributa en Madrid) crean 26.000 postos de traballo⁵. Deste xeito, o emprego directo de Ence en Pontevedra é equivalente ao 1,26% do total de emprego directo creado por estas empresas que, ademais de tributar en Galicia, non ocupan 50 ha do DPMT.
- Un dos condicionantes máis determinantes para recuperación do litoral entre a Gandarela e Os Praceres é a presenza de sistemas xerais de infraes-



Vista aérea desde o suroeste antes da proposta e segundo a proposta · APDR, Lukas Santiago

truturas. O Porto de Marín é un porto do Estado con acceso directo á autoestrada AP-9 a través da autovía estatal PO-11 e tamén conta cunha conexión ferroviaria directa ao corredor Coruña-Vigo. Os fluxos de tráfico superan os 20.000 vehículos ao día na autovía, fronte aos 5.000 do tramo da vía autonómica que discorre polo interior (PO-546). Polo tanto, calquera proposta viable debe ter en conta a necesaria conectividade do porto. As propias vías de comunicación causaron un gran impacto nos núcleos de poboación, especialmente nos Praceres, que foi atravesada pola autovía, que discorre a escasos 5 metros da igrexa. Ademais, a vía do tren atravesaba a praza principal do núcleo.

Proxecto de rexeneración

A partir da análise do lugar e dos procesos e sistemas que o condicionan artellouse un proxecto de rexeneración de todo o ámbito, que ten como premisa o equilibrio entre o seu valor ecolóxico e as actividades humanas. A proposta pode resumirse nas seguintes estratexias:

- Asíumese o traslado da fábrica fóra da ría e a recuperación de 31 ha de recheo que é devolto a ría. Aplicaríanse medidas de des-contaminación para recuperar o material do recheo nunha nova topografía.
- Modificación e humanización do trazado viario, mantendo a conectividade. A PO-11 é trasladada cara ao interior e o tramo de 300m que atravesa o núcleo dos Praceres é soterrado. Mantense a conexión ferroviaria. O novo viario ten carácter de bulevar, e mantén dous carrís por sentido, mais con medidas de calmado, para reducir a velocidade a 30 km/h.
- Xérase unha rede 5,6 km de paseos peonís e arborados pola beira da ría.

- Recupéranse as 4 praias de Lourizán, con 1,6 km de areais, máis dúas xunqueiras na desembocadura dos regatos de Lourizán e Os Praceres.
- Rexeneración dos núcleos de poboación do ámbito, incorporando novos espazos públicos e dotacións nos Praceres, A Igrexa, O Rozo ou O Sartán.
- O corredor verde de Lourizán integraríase nunha infraestrutura verde municipal, que conectaría co ENIL do río Tomeza e crearía itinerarios de gran valor paisaxístico e cultural.

O obxectivo principal desta proposta é a de transmitir o potencial paisaxístico e socioeconómico de Lourizán nun horizonte sen a fábrica de Ence. Deste modo, poderase facer unha valoración máis informada dos custos que se derivan da súa presenza ao impedir a materialización dese potencial.

Notas

- 1 Ramón Otero Pedrayo, R. (1955) Ensaio sobre da Paisaxe Galega. Editorial Galaxia.
- 2 Masa, A. (1994) Celulosas de Pontevedra: 30 anos de degradación da ría. Cerna, 10:20-26.
- 3 www.sepi.es/es/sectores/ence (acceso 03/08/2023). ◀
- 4 KPMG (2013) Informe sobre la contribución de la fábrica de Ence en Pontevedra al desarrollo social, económico y ambiental de Galicia. Elaborado por KPMG Asesores SL para ENCE.
- 5 Base de Datos SABI. Sistema de Análise de Balances Ibéricos – Bureau Van Dijk Database (datos extraídos en febreiro 2023).

*Jorge Rodríguez Álvarez. Prof. Titular Urbanística e Ordenación do Territorio e coordinador do proxecto.



Vista actual desde a pasarela peonil dos Praceres e vista segundo a proposta · Jorge Rodríguez